



/ O que fixemos... /

De hoxe nun ano!

Este curso é un curso moi especial para todas aquelas persoas que formamos parte de Tanxedoira. Este curso a nosa entidade cumpre corenta anos de vida. Pode non parecer algo excepcional, posto que existen entidades na nosa cidade que incluso chegan a seren centenarias. Mais o mérito de Tanxedoira radica en facelo cunha filosofía ben distinta a calquera outra asociación da contorna (por non ser exaxerado e dicir do mundo enteiro): o altruísmo.



Porén, eu acho que hai outro ingrediente en Tanxedoira que fai que te sintas como en casa, que te entregues, que te soltes e que sexas capaz de ofrecer o teu tempo e o teu coñecemento sen esperar ningún tipo de recompensa: a familiaridade. Tanxedoira é un lugar onde axiña te sintes acollido e arroupado por calquera persoa que alí atopas. E este feito tamén é algo que se mantén desde hai catro décadas.

Aínda que eu levo trinta e catro anos (recén cumpridos) nada máis sendo socio de Tanxedoira, podo presumir de ser a persoa de máis idade que leva toda a súa vida na entidade. Obviamente, moitas cousas seinas porque mas foron contando e transmitindo outras socias e socios, mais este aspecto que acabo de comentar é un recordo que teño presente na miña memoria.

Así, por exemplo, lembro pasar os aninovos no local da Asociación sendo un cativo. Mais non ían persoas dun xeito esporádico, non. Ían familias enteiras: o pai, a nai, o fillo, a filla, a avoa... É normal, pois, que eu tivese varias nais alén da miña:

Marujita, Beni, Rosalía, Fina, Merchi, Gelines, Puri, Lola e un longo etcétera. De feito, durante unha desas celebracións, cando tiña uns trece anos, tiven un percance e abrín unha fenda na cabeza. Os meus pais non estaban na festa, polo que foi un socio de entón coa súa filla quen me levou ao Materno Infantil entre as miñas bágoas e saloucos.

Mirade se é familiar que até das súas entrañas saíron varias familias, xa que algúns mozos e mozas coñecéronse en Tanxedoira para máis tarde casar e formar unha familia: Marisa e Luis, Merchi e Claudio, Gelines e Julio, María e Nando, Rosa e Javi etc. E de feito, os fillos dalgúns deles pasaron a ser socios e a participar nas actividades da Asociación. Un dos casos máis rechamantes é o de Martín, que con tan só cinco anos comezou a ensaiar na percusión coa rondalla, sen que previamente lle ensinara ninguén.

Canto ao tema de revertir en Tanxedoira todo o teu coñecemento, lembro que nunha ocasión en que (eu xa debería ter cinco anos), unha vez que saímos da parroquia de Santa María de Oza, cedéranos desde o concello da Coruña o que fora o lavadeiro de Monelos. Aquel sitio estaba desfeito e non valía para levar a cabo as actividades do día a día. Así que meu pai, que era encofrador de profesión, axudado por moitos outros (Paco, Gabriel, Juan Carlos, Espinosa, Pombo...) acometeron a reforma do local no seu tempo libre, cando, en moitos dos casos, non ían facer un uso cotiá del. E desta quenda, tan grande foi o esforzo que os obreiros e xornaleiros cobraron un soldo de nove pesetas en agradecemento polos seus servizos. Algo único e excepcional na historia de Tanxedoira!

Talvez era por iso que no libro de socios, antigamente, anotábase a profesión de cada persoa, para así saber de que xeito poderían colaborar. Sen embargo, iso foi algo que descubrí cos anos. Concretamente, cando con dezanove anos fun secretario de Tanxedoira e tiven acceso a esa listaxe de persoas.

Outro exemplo de altruísmo e de entregar a outras persoas o que tes e, sobre todo, o que aprendeche en Tanxedoira é Javier. Un home que comezou na actividade de guitarra por acompañar a seu fillo. Logo, despois de sete ou oito anos, grazas á súa tenacidade, conseguiu tocar na rondalla. Na actualidade, ademais, é monitor de guitarra (para

todas as idades) e é quen de facer cousas que nin el mesmo cría que sería capaz de facer.

Ou Rober, que comezou por traer a súa filla de oito anos para cantar no coro e rematou por cantar el con toda a súa familia: filla, muller e pais incluídos. E alén disto, tamén exerce de vicepresidente e cede o seu xardín e instalacións para que Tanxedoira poida levar a cabo alí moitas das súas actividades no exterior, como a sardiñada de San Xoán.

Como podedes ver, co paso do tempo, eu tamén fun aprendendo e vendo o que facían os que eran maiores ca min (e non tan maiores) e hoxe son eu un dos que, entre outras moita xente, trata de inculcar este sentimento noutras persoas. E non sabedes o orgulloso que me sinto cando vexo que o castigo máis grande para raparigas que acaban de entrar no instituto é que as castiguen sen iren a Tanxedoira. Ou ver a nenos e nenas de nove e dez anos encantados cantando cancións dos anos sesenta e setenta. E incluso o cariño e amizade que comparten con xente que está tres xeracións por enriba.

Isto faime pensar en que algo bo ha de ter Tanxedoira para perdurar no tempo tantos anos. Algo bo ha de ter a xente que a forma e que fai posíbel, co seu traballo desinteresado, que todo continúe igual, a pesar do paso do tempo. É por iso que non podemos permitir que a auga do mar engole esta maravillosa illa, esta xoia da nosa ilusión (como di a letra do noso himno). E, alén disto, é unha mostra de que as utopías son posíbeis se as construímos entre todos e todas.

Como diría meu pai: “De hoxe nun ano!”

Viva Tanxedoira e a súa xente! 🗣️

David Loureiro.

Tanxedoira on the road!

O pasado 16 de setembro a Asociación de Amigos de Santaballa convidounos a pasar unha xornada moi especial con eles para celebrar as xornadas indianas. Con moitas ganas de pasado ben, fomos os compoñentes do grupo de coro e do grupo de teatro todos juntos nun autobús e cun ambiente festivo inmejorable. O coro tivo unha primeira sesión de cantos de taberna, para despois deixar paso a un grupo da terra. A seguir, os de teatro deleitáronnos con dous maravillosos fragmentos de

zarzuelas, habilmente dirixidos por Jesús. As pezas escollidas para esta ocasión eran “La tabernera del puerto” e “La dolorosa”, ambas dúas cunha aceptación incrível debido á súa maxistral interpretación. A continuación, e xa preto da noite, o grupo do coro tivo a segunda intervención para amenizar os valentes que sobrevivían ao frío xunto a nós.



A provincia de Lugo tamén goza de Tanxedoira.

Creo que non me trabuco cando aseguro que non sei se o pasarían mellor os lugareños ou nós, mais é que co tempo que levo pertencendo a esta asociación e pertencendo a este coro, cada día teño máis claro que alá onde vai Tanxedoira, alén de arrancar unhas cancións das bocas de quen nos escoita, tamén arrincamos un sorriso de ledicia e satisfacción, polo que supón un grande orgullo seguir pertencendo a esta familia.

Unha aperta e até a próxima excursión, familia! 🗣️

María Pilar Fernández.

Comezou a celebración do XL Aniversario.



A actuación contou cun nutrido grupo de artistas.

Comezamos! A primeira das actuacións previstas co gallo do 40 aniversario foi o derradeiro sábado de setembro, e tivo lugar no Círculo de Artesáns da Coruña. Alí atopámonos cun público exigente, animado, participativo e instructivo (mesmo nos ensinaron novas estrofas de cancións).

Un decorado de luxo que nos trasladaba a outra época, onde pasamos unha tarde estupenda cantando cancións populares.

Ao rematarmos quedamos con ganas de máis, pero pronto repetiremos

Alberto Abelleira.

Comida inicio de curso.

O pasado día 1 de outubro, celebramos no local da Asociación a tradicional comida de inicio de curso. Como todos os anos, cada socio leva algún tipo de comida, que unha vez montadas as mesas, repátese de maneira que todos e todas podemos dar gusto de cada un dos menús, que, por certo, eran moi variados. O surtido consistiu nun abano que vai desde aperitivos e croquetas, pasando por tortillas, ensaladilla, lacón asado e chegando á grande variedade de postres. A verdade é que, sin esquecerme de nada, todos os platos estaban riquísimos.



O persoal atareado en servirse as especialidades.

E despois de dar conta de todo o menú, como non podía ser doutra maneira, seguimos a reunión con partida de cartas, cantos e bailes, tanto maiores como nenos e nenas, desfrutamos ao longo da tarde.

Quero indicar que foi unha tarde de familia, que nós levamos pouco máis dun mes asistindo á asociación e pasámolo en grande. Así que queríamos agradecer a compañía e esperamos, neste ano de celebración para a Asociación, continuar vivindo tardes como esta do pasado día 1. Moitas grazas e a seguir disfrutando, Tanxedoírxs

Celsa Boado.

Continuou a celebración do XL Aniversario no C. C. do Castrillón.


O pasado sábado 21 de outubro, a Asociación Tanxedoira retomou o seu periplo polos diferentes centros cívicos da cidade herculina, para compartir con toda a venciñanza coruñesa a celebración do seu meritorio 40º Aniversario. Nesta ocasión, a agrupación de cantos populares deleitou a grandes e a pequenos no Centro Cívico do Castrillón cun repertorio cheo de cancións tradicionais, pertencentes tanto ao folclore galego como ao español ou ao suramericano, entre outros.



O grupo ten nova semente.

Co devagar das cancións, o salón de actos foise ategado de xente, como se fose o mesmo frautista de Hamelin ou as sereas de Ulises as que estivesen a captar a atención das persoas que pasaba polo centro. Porén, o sorprendente foi que non só era xente maior, máis familiarizada co repertorio tradicional, a que se uniu á festa, senón que tamén acudiron moitas crianzas, acompañadas dos avós ou dos papás, que se amosaban moi participativas e interesadas neste repertorio folclórico que se estaba a reproducir; esas raíces culturais e identitarias que

tan importante é manter vivas e saudábeis, por e para o pobo.


Como nota a salientar, seguindo este fío da transmisión cultural ás novas xeracións, está a estreara nos escenarios de Iratxe, unha pequeniña de apenas tres anos, que aínda que moi noviña e con certo medo escénico, tivo a valentía de subir a actuar co resto da agrupación, entre os que se encontra a súa irmá Irune, figura chave, xunto cos seus pais, Mónica e Toño, para que Iratxe se fose empapando, venres a venres nos ensaios e actuación a actuación nos eventos de Tanxedoira, da esencia e do gusto pola música tradicional que tanto nos une dentro da nosa fermosa diversidade. 

Noemí Iglesias.

Celebración do Samaín.

Un ano máis chegou o Samaín, unha festividade popular e con arraigamento, que ten as súas orixes no mundo celta, e Tanxedoira non estaba disposta a deixar pasar a oportunidade de convocar os seus asociados e asociadas co fin de se reunir no local social e realizar una festa ao seu estilo. E así foi!

Alí apareceu un bo número de persoas prestoas a organizar tanto o local como o material preciso, para despois botarlle o dente ás pizzas que máis adiante se pediron. E a iso sumóuselle unha boa fonte de cocretas xentileza de Chus. E todo, por suposto, acompañado duns bos momentos de tertulia.

O resultado foi una tarde-noite do máis agradábel, o que fará esperar con impaciencia a próxima celebración. 

Tanxedoira.


O noso teatro nos xeriátricos.

O grupo de teatro Tanxedoira tivo diversas actuacións coas pinceladas de “La taberna del puerto” e “La dolorosa” en centros xeriátricos da cidade, entre os que figura a residencia La Obra de la Señora, en Labañou, ao que acudimos o día 17 de outubro.



Unha das representacións.

O 28 do mesmo mes, fomos a residencia Oropea, na Zapateira. E, finalmente, o 4 de novembro estivemos na residencia Sar Quavitae, en Matogrande.

En todos estes centros fomos recibidos con grande satisfacción, os residentes divertíronse co noso teatro e obsequiáronnos con moitísimos e agarimosos aplausos. Despois das actuacións, a dirección de cada centro tamén nos agasallou, a modo de agradecemento, cuns petiscos. Nós, pola nosa parte, comprometémonos a volver. 

Carmen Cabrero.

Ao calor do magosto.

O sábado 11 de novembro repicaron as campás en Tanxedoira e os tanxedoiros e tanxedoiras de todas as idades batemos as palmas e acudimos á chamada. O do partido previo quedou en nada, mais eu creo que non foi por preguiza de se pór en pantalón curto, senón pola xenerosidade de ir buscar as castañas máis maravillosas do mundo, preparadas para asalas e poñelas despois sobre as brasas para que chegaran quentiñas á mesa e ás mans dos comensais.

Miña nai decía que non había mellor tertulia que a que se acompañaban de “castañas asadas e niño con mel”. O día 11 non houbo mel, mais houbo castañas riquísimas e un viño que tamén estaba moi bo. Alén disto, tamén había auga, refrescos, magníficas sobremesas aportadas por mans habilidosas e xenerosas e, como non, moito humor, moitas risas y sobre todo sorrisos que acompañaban todos os xestos. Que máis se pode pedir?



As castañas foron a "salsa" da festa.

Hai moitas celebracións do magosto, esa sobrosa benvinda ao inverno que sabemos celebrar a xente do norte. Porém, a deste ano é máis especial se cada. Sobraron castañas e doces, e mesmo a alegría estallaba en todo momento. De cada celebración á que asisto saio coa mesma idea: esta foi a melhor! E a seguinte vez caio na conta de que estaba trabucada.

Este ano, amigos e amigas, dádelo todo. Grazas mil! 📌

Rosario Barros.

Misceláneas.

Nótase que o verán rematou, porque xa hai que levar unha chaqueta para saír á rúa. As follas das árbores comezan a mudar de cor e caen ao chan: todo se convirte no antollo dun pintor que enche a súa paleta coas cores amarelas, laranxas, ocres e vermellos...

Benvido, outono! 📌

Ana María Ramos.

Aqueles maravillosos anos!



1/5/1987. XVIII Festival da Canción Misioneira. Lugo.

/ A destacar.../

Axenda

📌 18 de Novembro.

ACTOS XL ANIVERSARIO.- Cantos Populares. C. C. Novo Mesoiro. De 19:00 a 20:00 horas. R/ Os Ancares 15. Entrada de balde.

📌 19 de Novembro.

CORO TANXEDOIRA.- Asociación Cultural La Guía. Atios. Porriño. De 19:00 a 21:30 horas.

📌 16 de Decembro

ACTOS XL ANIVERSARIO.- Certame de Corais. Igrexa Orden Tercera de San Francisco. De 17:00 a 20:00 horas. Praza Carlos I. Entrada de balde.

📌 23 de Decembro.

FESTIVAL DE NADAL.- Actuacions do Coro, Rondalla, Teatro, alumnos de guitarra, flauta, etc. e, entre outros actos, sorteo das Cestas do Nadal. C. C. Novo Mesoiro. De 17:30 a 20:00 horas. R/ Os Ancares 15. Entrada de balde.

📌 6 de Xaneiro..

CHOCOLATADA.- Celebrarase no Local Social, de 18:00 a 20:00 horas.

📅 27 de Xaneiro.

ACTOS XL ANIVERSARIO.- Cantos populares. C. C. Monte Alto. De 19:00 a 20:00 horas. R/ Vereda del Polvorín. Entrada de balde.

que terá lugar, o próximo 2 de xuño ás 14:30 horas, no Restaurante Boavista (Rúa Real, 83).

Prezos soci@s: Adultos 25 € - Menores 12 anos 15 €

Prezos non soci@s: Adultos 32 € - Menores 12 anos 21 €.

/ Non perdas.../

Concurso de Postais de Nadal.

Recordade que o 8 de decembro remata o prazo para presentar os vosos traballos á actual edición do concurso anual.

Lotaría de Nadal

Este ano, o número da lotaría de Tanxedoira correspóndese coa data de nacemento da Asociación, e confiamos que se faga o milagre e nos toque un bo premio.



Puntos de venda:

- No local de Tanxedoira os venres de 20:00 a 22:00 horas

-Na administración de lotaría de Carrefour (Alfonso Molina) no seu horario de apertura.

Sorte!

Xantar XL Aniversario.

Temos no taboleiro de avisos da Asociación unha listaxe de inscrición para tod@s @s os que se queiran ir anotando ao noso xantar 40º aniversario